

### 3.3. industria

A ANÁLISE DO SECTOR INDUSTRIAL EN Galicia está dividida en cinco partes ben diferenciadas. Tras unha primeira aproximación ó sector industrial dende un punto de vista xeral, onde se comentan aspectos como a produción segundo a Contabilidade Regional de España, a poboación ocupada a partires dos datos da Enquisa de Poboación Ocupada, o peso do sector industrial galego no total estatal segundo as variables económicas recollidas na Encuesta Industrial de Empresas, o Índice de Producción Industrial de Galicia ou os indicadores empresariais analizados polo Ardán, o capítulo presenta un apartado para cada un dos grandes subsectores industriais: o subsector enerxético, o de bens de equipamento, bens intermedios e os bens de consumo.

O valor da **producción do sector industrial** galego no ano 2003, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), ascendeu a 7.325,3 millóns de euros, o que representa o 5,6% do total estatal. Comparada co resto das comunidades autónomas, Galicia

é a séptima comunidade con maior peso relativo no conxunto do Estado, por detrás de Cataluña, Madrid, a Comunidade Valenciana, País Vasco, Andalucía e Castela e León.

Do valor total da produción industrial, o sector enerxético galego produciu un total de 1.823,0 millóns de euros (o 8,6% da produción española) e a produción industrial sen a enerxía, 5.529,3 millóns de euros, o 5,0% do total estatal.

O número de traballadores ocupados no sector industrial no ano 2003 acadou as 214,6 miles de persoas, un 1,6% menos que no ano anterior, o que representa o 19,4% dos ocupados en Galicia. As ramas de actividade más importantes segundo o seu volume de ocupación, **cadro 2.2.6.** (*Poboación ocupada 2002-2003: distribución segundo ramas de actividad*), son as de “industrias de productos alimenticios, bebidas e tabaco”, con 40,6 miles de persoas, e as de “fabricación de material de transporte”, con 39,4 miles de traballadores, seguidas das industrias e “fabricación de produtos metálicos. Construcción de máquinas e material mecánico” e “industrias do téxtil, confección e coiro”, con 26,9 e 26,3 miles de persoas, respectivamente.

Comparado co ano anterior, as distintas ramas de actividade experimentan un comportamento desigual. Dunha banda, cómpre salientar que as ramas con maior crecemento na súa ocupación son as correspondentes á “fabricación de produtos metálicos. Construcción de máquinas e material mecánico”, con 6,7 miles de ocupados más (33,2% más que en 2002) e á “Coquerías, fabricación de productos químicos e productos metais”, con 3,5 miles de traballadores más (un 20,0% más que en 2002), a “industria do papel e edición”, con 279 persoas más (3,9%). Pola contra, as ramas de actividade que experimentan as maiores caídas na súa ocupación son as

de “fabricación de material de transporte”, con 6,0 miles de ocupados menos (un 14,7% menos que en 2002), e as “industrias textiles, de coiro e calzado”, con 6,0 miles de traballadores menos (18,6%).

Segundo os datos da *Encuesta Industrial de Empresas 2002* do INE, a participación da industria galega na cifra de negocios total da industria española foi do 6,2%. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a sexta comunidade con maior participación, por detrás de Cataluña (25,2%), Madrid (11,8%), a C. Valenciana (11,1%), e Andalucía e País Vasco (9,1%).

No concernente á distribución da cifra de negocios por agrupacións de actividade, cómpre salienta-la maior contribución ó total da industria en Galicia do grupo de actividade “material de transporte”, que representa o 23,7%. Séguenlle en importancia as actividades de “alimentación, bebidas e tabaco”, cun 18,5%, e as “industrias extractivas, enerxía e auga”, co 16,9%. Comparado co total estatal, estas tres ramas de actividade e a correspondente á “industria téxtil, confección, coiro e calzado” (5,6%), presentan un peso relativo superior (12,8%, 16,7%, 14,0% e 5,05, respectivamente).

Atendendo á evolución da cifra de negocios entre os anos 2001 e 2002, o **cadro C.3.18.** (*Principais indicadores das empresas industriais nas CC.AA. 2001-02: taxas de crecemento*) reflicte que este medrou en Galicia un 7,5% (seis puntos porcentuais más do rexistrado no conxunto da industria española), pasando dos 25.734,5 millóns de euros de 2001 ós 27.661,3 millóns de euros de 2002. As agrupacións de actividade que rexistran maiores incrementos da súa cifra de negocios son “industria química”, co 28,1%, “industria manufacturera”, co 25,9%, e “metalúrxica e fabricación de produtos metálicos”, co 18,1%. Pola contra, a

## 3.3.1.

*Principais variables económicas da industria nas CC.AA. 2002*

	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación de existencias	Total consumos	Gastos de persoal	Gastos de explotación
(en miles de €)						
<b>Andalucía</b>	40.495.767	41.290.150	276.935	25.443.718	5.398.786	37.816.178
<b>Aragón</b>	20.003.092	20.245.229	51.530	12.712.019	2.777.542	19.046.162
<b>Asturias</b>	10.659.447	11.011.738	-111.479	5.987.159	1.868.134	10.191.248
<b>Baleares</b>	3.332.020	3.386.382	9.364	1.905.571	584.484	3.119.023
<b>Canarias</b>	6.206.372	6.319.991	-2.409	3.458.330	918.831	5.522.238
<b>Cantabria</b>	6.061.772	6.165.455	13.907	3.500.473	1.039.516	5.705.350
<b>Castela - A Mancha</b>	17.850.418	18.222.442	23.802	10.978.283	2.398.549	16.543.380
<b>Castela e León</b>	26.692.751	27.082.124	104.038	16.764.368	3.811.340	25.082.798
<b>Cataluña</b>	112.534.052	114.731.384	277.395	66.785.327	18.463.534	107.279.496
<b>C. Valenciana</b>	49.542.762	50.186.682	274.638	30.398.405	7.801.642	47.252.257
<b>Estremadura</b>	3.725.238	3.831.964	26.130	2.328.005	512.055	3.493.702
<b>Galicia</b>	27.661.308	28.010.149	155.041	18.308.267	3.628.826	26.072.307
<b>Madrid</b>	52.826.851	53.952.872	145.124	31.545.051	8.418.265	49.645.389
<b>Murcia</b>	10.692.963	10.852.111	13.321	6.643.837	1.449.915	9.962.876
<b>Navarra</b>	13.849.114	14.058.570	12.989	8.743.757	2.091.157	13.171.673
<b>País Vasco</b>	40.739.171	41.389.340	91.989	23.982.476	7.427.900	38.928.693
<b>A Rioja</b>	4.360.964	4.430.785	-7.749	2.528.794	719.395	4.063.062
<b>Total industria</b>	447.234.062	455.167.368	1.354.566	272.013.840	69.309.871	422.895.832

Fonte: INE , Encuesta Industrial de Empresas

industria galega rexistra unha caída da cifra de negocios no caso da agrupación de actividade “industrias extractivas, enerxía e auga”, co -3,0%.

Os gastos de persoal da industria galega rexistraron unha medra do 5,8% respecto ó ano 2001 (1,6% no conxunto do Estado), acadando os 3.628,8 millóns de euros (o 5,2% do total estatal). Ó igual que no ano anterior, Galicia é a séptima comunidade autónoma co maior volume de gastos de persoal.

Entre as diferentes agrupacións de actividade, a correspondente á material de transporte segue sendo a que presenta os gastos de persoal máis elevados, con 816,9 millóns de euros (o 22,5% dos gastos de persoal no conxunto do Estado), seguida polas actividades de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, con 500,7 millóns de euros (13,8%), e as de alimentación, bebidas e tabaco, con 487,0 millóns de euros (o 13,4%).

A devandita Encuesta Industrial recolle, ó contrario do acontecido no conxunto do Estado, unha medra do 2,5% da poboación ocupada no sector industrial en

Galicia entre os anos 2001 e 2002 (descende un 1,1% en España). En termos absolutos a ocupación industrial galega medrou en 4.025 persoas acadando as 166.080 persoas, o que representa o 6,2% da ocupación industrial estatal.

As actividades económicas que presentan un maior nivel de ocupación son as de “material de transporte” e as de “alimentación, bebidas e tabaco”, que superan lixeiramente as vinte e sete mil persoas ocupadas, e as de “metalurxia e fabricación de productos metálicos” e a “industria téxtil, confección, coiro e calzado”, con algo máis de vinte e dous mil. En conxunto, estas catro actividades acollen a seis de cada dez persoas ocupadas nas empresas industrias.

Comparado coa ocupación do ano anterior, cómpre salienta-la medra rexistrada nas actividades de “metalurxia e fabricación de productos metálicos” e “material de transporte”, con 2.619 e 1.474 persoas máis, así como o descenso producido no caso das actividades relacionadas coa “industria téxtil, confección, coiro e calzado”, onde a ocupación cae en 1.602 persoas.

## 3.3.2.

*Principais variables económicas da industria galega 2001-02: distribución segundo ramas de actividade*

	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	2001		Gastos de explotación
				Total	consumo	
(en miles de €)						
<b>Industrias extractivas, enerxía e auga</b>						
Alimentación, bebidas e tabaco	4.827.332	4.897.606	-3.946	3.233.551	299.603	4.253.782
Industria têxtil, confección, coiro e calzado	4.879.102	4.954.830	48.422	3.514.265	480.914	4.703.944
Madeira e corcho	1.429.727	1.442.087	19.758	896.145	308.002	1.368.046
Papel, edición, artes gráficas	1.383.065	1.402.898	12.988	915.608	200.532	1.344.615
Industria química	709.138	718.946	5.019	339.352	143.913	636.941
Caucho e materias plásticas	749.034	758.195	2.049	463.854	85.941	700.087
Cauchos e plásticos	712.123	718.251	-1.719	433.635	110.433	659.103
Productos minerais non metálicos diversos	1.126.667	1.137.794	1.381	558.329	259.679	1.070.178
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	2.482.186	2.513.064	18.966	1.395.662	428.432	2.246.264
Maquinaria e equipo mecánico	652.328	668.560	10.111	375.469	184.245	653.333
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	554.265	562.977	1.269	340.630	104.073	517.863
Material de transporte	5.981.522	6.086.513	-56.102	4.663.387	753.471	6.031.941
Industrias manufatureiras diversas	248.027	249.574	2.573	123.422	74.506	227.808
<b>Total Industrial</b>	<b>25.734.514</b>	<b>26.101.297</b>	<b>60.770</b>	<b>17.253.308</b>	<b>3.430.744</b>	<b>24.413.906</b>
(en miles de €)						
	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	2002		Gastos de explotación
				Total	consumo	
<b>Industrias extractivas, enerxía e auga</b>						
Alimentación, bebidas e tabaco	4.680.158	4.749.308	4.603	2.694.052	316.362	3.797.187
Industria têxtil, confección, coiro e calzado	5.115.858	5.192.655	4.297	3.701.085	486.965	4.947.798
Madeira e corcho	1.553.287	1.564.125	19.517	983.572	301.618	1.471.423
Papel, edición, artes gráficas	1.549.418	1.557.787	3.872	1.036.506	201.519	1.488.701
Industria química	764.721	778.571	-6.013	377.136	149.260	696.644
Caucho e materias plásticas	959.749	970.787	12.416	600.969	89.106	893.208
Cauchos e plásticos	712.749	718.721	2.868	414.786	109.826	663.658
Productos minerais non metálicos diversos	1.249.820	1.262.503	9.913	635.306	282.247	1.199.817
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	2.931.916	2.964.129	-11.396	1.710.654	500.693	2.694.580
Maquinaria e equipo mecánico	710.263	717.446	12.360	418.832	182.876	688.885
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	575.787	581.813	-10.040	344.138	104.472	528.179
Material de transporte	6.545.241	6.638.656	108.326	5.222.397	816.866	6.701.650
Industrias manufatureiras diversas	312.341	313.948	4.319	168.835	87.016	300.577
<b>Total Industrial</b>	<b>27.661.308</b>	<b>28.010.149</b>	<b>155.042</b>	<b>18.308.268</b>	<b>3.628.826</b>	<b>26.072.307</b>

Fonte: INE. Encuesta Industrial de Empresas

## 3.3.3.

*Evolución da actividade no sector industrial 2001-02: ingresos, custos e resultados*

	2001		2002		02/01 (%)
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	
<b>Ingresos de explotación</b>	21.641.966,1	100,00	23.011.217,1	100,00	6,33
Consumo e outros gastos de explotación	17.747.997,3	82,01	18.740.362,8	81,44	5,59
<b>Valor engadido bruto a custo dos factores</b>	3.893.968,8	17,99	4.270.854,4	18,56	9,68
<b>Gastos de persoal</b>	2.304.950,6	10,65	2.452.409,3	10,66	6,40
<b>Resultado económico bruto da explotación</b>	1.589.018,2	7,34	1.818.445,1	7,90	14,44
<b>Amortizacións</b>	552.272,7	2,55	645.255,3	2,80	16,84
<b>Resultado económico neto da explotación</b>	1.036.745,5	4,79	1.173.189,8	5,10	13,16
<b>Resultado financeiro</b>	52.647,8	0,24	13.043,1	0,06	-75,23
Ingresos financeiros	292.168,3	1,35	277.296,6	1,21	-5,09
Gastos financeiros	239.520,6	1,11	264.253,8	1,15	10,33
<b>Resultado de actividades ordinarias</b>	1.089.393,3	5,03	1.186.233,1	5,16	8,89
<b>Resultado de actividades extraordinarias</b>	-278.488,45	-1,29	-318.991,04	-1,39	-14,54
<b>Resultado antes de impuestos</b>	810.904,8	3,75	867.242,2	3,77	6,95
<b>Impostos</b>	186.818,1	0,86	219.161,2	0,95	17,31
<b>Resultado neto do exercicio</b>	624.086,6	2,88	648.080,8	2,82	3,84
<b>Cash-flow</b>	1.153.955,6	5,33	1.237.023,2	5,38	7,20

Fonte: Ardán

A taxa media do **Índice de Producción Industrial** en Galicia ó longo do ano 2003 situouse nun 3,8% respecto ó 2002, sendo esta porcentaxe do 1,6% no conxunto do Estado. Atendendo á súa desagregación segundo destino económico, o **cadro C.3.1.** (*Índice de Producción Industrial de Galicia e España 2002-03: distribución segundo destino económico*) amosa que o incremento da taxa media da produción industrial foi do 3,3% no caso dos bens de consumo (10,3% para os bens de consumo duradeiro e 2,8% para os de consumo non duradeiro), do 3,5% para os bens de equipamento, do 3,2% no caso dos bens intermedios e do 5,3% no caso da produción enerxética.

Finalmente, tendo en consideración os criterios de selección considerados polo **Ardán**, o sector industrial galego (sen considera-las industrias relacionadas co sector primario, analizadas no apartado anterior) está formado por 4.084 empresas, que supoñen o 30,2% do total das empresas seleccionadas para o conxunto de Galicia. Estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 4.270,9 millóns de euros no ano 2002, o 42,7% do total xerado polas empresas galegas consideradas, e uns ingresos de explotación de

23.011,2 millóns de euros (o 46,4% do total das empresas consideradas). O seu emprego medio ascendeu a 31 traballadores por empresa segundo os datos por elas mesmas facilitados.

O **cadro C.3.4.** (*Sectores productivos 2002*) reflicte os catro grandes grupos nos que se divide este sector: industria enerxética, industria de bens de equipamento, de bens intermedios e de bens de consumo. O subsector máis importante, atendendo ás variables consideradas no devandito **cadro C.3.4.** é o de bens de equipamento, que acolle un total de 2.080 empresas (o 50,9% das empresas industrias consideradas no estudio do Ardán) e que xeran o 50,9% (11.718,7 millóns de euros) do total dos ingresos de explotación e o 42% (1.794,2 millóns de euros) do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial.

Vigo, por mor, fundamentalmente, do papel das industrias relacionadas coa automoción, é o principal núcleo de localización das empresas segundo a xeración do valor engadido bruto, con 1.180,7 millóns de euros, un 1,2% menos que no ano anterior. O VEB xerado polas empresas de automoción en Vigo ascendeu no

## 3.3.4.

*Evolución do investimento e do financiamento no sector industrial 2001-02*

	2001		2002		02/01 (%)
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	
<b>Activo total</b>	13.669.194,6	100,00	15.365.245,0	100,00	12,41
<b>Activo fixo (neto)</b>	6.133.717,8	44,87	6.748.867,7	43,92	10,03
Gastos amortizables	83.143,5	0,61	95.601,9	0,62	14,98
Inmobiliizado inmaterial	439.145,7	3,21	458.210,8	2,98	4,34
Inmobiliizado material	4.066.142,0	29,75	4.565.049,0	29,71	12,27
Outro inmobiliizado	1.521.374,7	11,13	1.615.551,9	10,51	6,19
Outro activo fixo	23.912,0	0,17	14.453,9	0,09	-39,55
<b>Circulante neto</b>	7.535.476,8	55,13	8.616.377,3	56,08	14,34
Existencias	2.075.371,2	15,18	2.308.429,7	15,02	11,23
Debedores	4.108.164,5	30,05	4.472.204,4	29,11	8,86
Tesourería	550.070,0	4,02	617.134,7	4,02	12,19
Outro activo circulante	801.871,1	5,87	1.218.608,4	7,93	51,97
<b>Fontes de financiamento</b>	13.669.194,6	100,00	15.365.245,0	100,00	12,41
<b>Financiamento permanente</b>	6.588.277,0	48,20	7.555.212,3	49,17	14,68
Fondos propios	4.544.628,6	33,25	5.331.740,6	34,70	17,32
Recursos alleos l/p	1.866.099,9	13,65	2.014.755,0	13,11	7,97
Ingresos distribuidos en varios exercicios	177.548,5	1,30	208.716,6	1,36	17,55
<b>Acreedores a curto plazo</b>	7.080.917,7	51,80	7.810.033,1	50,83	10,30
<b>Fondo de rotación</b>	454.559,1	3,33	806.344,3	5,25	77,39

Fonte: Ardán

ano 2002 a 793,9 millóns de euros, o que representa o 67,2% do VEB xerado neste municipio polo sector industrial.

Séguelle en importancia a localidade de Arteixo, cun VEB xerado de 930,6 millóns de euros, dos que o 95,1% (885,1 millóns de euros) é aportado polas empresas do sector téxtil.

A conta de explotación agregada das empresas do sector industrial amosa que no ano 2002 as empresas do sector industrial, consideradas no seu conxunto, presentaron un incremento do seu resultado neto do ejercicio do 3,8% en relación ó ano anterior para situarse nos 648,1 millóns de euros (**adro 3.3.3.**). Asemade, amosa que o resultado antes de impostos creceu un 6,9%, ascendendo a 867,2 millóns de euros, o resultado de actividades ordinarias medrou un 8,9% para situarse en 1.186,2 millóns de euros.

O crecemento do VEB no ano 2002 foi do 9,68%, 3,35 puntos máis do que o fan os ingresos de explotación, polo que o

seu peso relativo medra dende o 18% de 2001 ata o 18,6% do ano 2002. Asemade, o devandito cadro reflicte unha caída do resultado financeiro (-75,2%), xa que os ingresos financeiros redúcense nun 5,1% e os gastos increménzanse un 10,3% respecto ó ano anterior.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **adro 3.3.4.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 9,3% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 806,3 millóns de euros, un 77,4% superior ó existente o ano anterior. O 90,7% restante está financiado polos acreedores a curto plazo. O 49,2% das fontes de financiamento corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 17,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 34,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo plazo medraron un 8%, cun peso relativo do 13,1% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total

ascendeu a 15.365,2 millóns de euros, un 12,4% superior ó valor de 2001, dos que 6.748,9 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 10% superior respecto ó ano anterior). Os 8.616,4 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 14,3% en relación a 2001.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro C.3.22.** (*Sector industrial 2001-02: estudio económico-financeiro*) reflicte unha desaceleração no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, e unha medra do peso relativo dos gastos de persoal. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 1,8 puntos inferior que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos é de 5,3 puntos porcentuais.

En 2002 rexístrase un descenso das rendibilidades económica e financeira antes de impostos, así como unha redución do custo neto da débeda. O devandito **cadro C.3.22.** amosa que neste ano as rendibilidades económica e financeira das empresas do sector industrial consideradas son lixeiramente inferiores ás rexistradas polo conxunto de empresas galegas analizadas por Ardán.

## Enerxía

A partires dos datos facilitados polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), o Ministerio de Industria y Energía, o IGE, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, Gas Galicia e Ardán, o presente apartado analiza a situación da enerxía eléctrica e a coxeración, as enerxías renovables, o gas natural, os productos petrolíferos e, finalmente, a situación do sector enerxético como sector productivo.

### • A enerxía eléctrica

No concernente ó balance enerxético

no ano 2003, o **cadro 3.3.5.** reflicte que a produción de electricidade do réxime ordinario ascendeu a 21.111 GWh (o 10,8% do total estatal) e a do réxime especial a 6.879 GWh (o 17% do total estatal). Atendendo ás distintas fontes de produción en Galicia, cómpre salienta-la importancia do carbón, con 14.142 GWh, e da hidráulica, con 7.398 GWh.

No concernente á demanda de electricidade, o devandito **cadro 3.3.5.** reflicte que en Galicia, ascende un 3,3% entre os anos 2002 e 2003, acadando os 17.802 GW en 2003 (o 7,5% do total estatal).

Outra forma de obter enerxía eléctrica é a chamada **coxeración**, que se define como a produción local e simultánea de enerxía eléctrica e/ou mecánica e de enerxía térmica aproveitável en diversos procesos a partir dunha mesma fonte de enerxía primaria. En Galicia funcionan un total de 107 plantas de coxeneración (**cadro 3.3.6.**), cunha potencia nominal de 627.695 Kw. O maior número de plantas e a produción máis importante corresponde á provincia de A Coruña, que acolle 66 plantas de coxeneración, cunha potencia nominal de 510.591 Kw, o 81,3% do total producido en Galicia.

Un último aspecto a ter en conta á hora da análise da enerxía eléctrica é o referente á súa **calidade de subministración** medida a través do TIEPI (Tempo de Interrupción Equivalente á Potencia Instalada). O **cadro 3.3.7.** amosa que Galicia é a séptima C.A. coa menor interrupción no abastecemento eléctrico, cunha TIEPI de 2,14 horas (2,78

horas no conxunto do Estado), das que 0,17 horas corresponden a interrupcións programadas e 1,97 horas a interrupcións imprevistas.

### • Enerxías renovables

No concernente á situación das ener-

## 3.3.5.

Balance de enerxía eléctrica nas CC.AA. 2003

	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela - A Mancha	Castela e León	Cataluña	Ceuta
Producción	20.067	11.326	18.587	5.412	7.472	589	14.230	31.889	36.392	181
Hidráulica	1.297	3.681	1.518	-	1	-	804	11.404	4.969	-
Nuclear	-	-	-	-	-	-	9.809	3.739	25.330	-
Carbón	13.811	7.645	17.069	-	3.547	-	1.028	16.746	578	-
Fuel/gas (1)	1.286	-	-	1.865	7.471	-	2.569	-	1.573	181
Ciclo combinado	3.673	-	-	-	-	-	-	-	3.942	-
-consumos xeneración	732	574	984	345	461	8	981	1.356	1.288	9
-consumos bombeo	760	464	127	-	-	792	152	509	600	-
Producción	18.575	10.288	17.476	5.067	7.011	-211 (2)	13.097	30.024	34.504	172
+ saldo intercambios (3)	-6.437	-8.457	-	-	-	-	-7.710	-18.251	2.680	-
+Réxime especial	5.242	4.468	1.078	-	138	591	1.571	3.107	3.772	-
Demandा 2003	33.955	8.319	10.097	5.205	7.602	3.558	8.494	15.545	42.962	172
Demandा 2002	30.717	7.876	9.934	4.699	6.982	3.050	10.148	13.821	40.878	158
<b>Total</b>										
	C.Valenciana	Extremadura	Galicia	Madrid	Melilla	Murcia	Navarra	País Vasco	La Rioja	Total Industria
Producción	13.064	19.409	22.150	219	151	1.257	2.749	3.842	152	209.138
Hidráulica	1.404	4.706	7.398	219	-	84	254	294	152	38.774
Nuclear	8.294	14.703	-	-	-	-	-	-	-	61.875
Carbón	-	-	14.142	-	-	-	-	-	-	75.796
Fuel/gas (1)	342	-	610	-	151	1.173	-	1.230	-	17.703
Ciclo combinado	3.024	-	-	-	-	-	-	462	-	14.990
-consumos xeneración	438	641	841	3	10	66	58	89	2	8.886
-consumos bombeo	1.004	18.696	72	198	-	-	-	-	-	4.678
Producción	11.622	18.696	21.111	216	142	1.191	2.691	3.753	150	195.574
+ saldo intercambios (2)	9.865	-14.187	-10.188	26.067	-	2.110	773	12.009	656	1.264
+ Réxime especial	1.691	51	6.879	1.102	-	695	2.411	1.268	649	40.491
Demandा 2003	23.178	4.560	17.802	27.385	142	3.996	5.875	17.030	1.455	237.329
Demandा 2002	21.662	4.020	17.215	25.787	131	4.250	3.817	16.664	1.372	223.180

(1) Inclue GICC (Eicogás) e ciclo combinado

(2) Provocado polo saldo negativo entre enerxía consumida e xenerada no ciclo bombeo-turbinación da central de Aguayo

(3) Non inclúe movementos de enerxía en tensión inferiores a 220 kV. Un valor positivo indica un saldo de intercambios importador e un valor negativo exportador.

Fonte: Red Eléctrica de España

## 3.3.6.

**Plantas de coxeración en funcionamento 2003**

	Plantas	Potencia (en Kw)
A Coruña	66	510.591
Lugo	12	34.492
Ourense	5	27.960
Pontevedra	24	54.652
<b>Total</b>	<b>107</b>	<b>627.695</b>

Fonte: Instituto Enerxético de Galicia, Estudio sectorial da coxeración en Galicia

## 3.3.7.

**Continuidade do suministro eléctrico nas CC.AA 2003: (Tempo de interrupción equivalente á producción instalada)**

	Imprevistos	Programados	Total
	(en horas)		
Andalucía	3,26	0,73	3,99
Aragón	2,31	0,57	2,88
Asturias	1,21	0,19	1,40
Baleares	6,67	0,84	7,51
Canarias	3,46	0,90	4,36
Cantabria	1,62	0,08	1,70
Castela - A Mancha	2,37	0,21	2,58
Castela e León	1,70	0,35	2,05
Cataluña	2,48	0,44	2,92
C. Valenciana	2,00	0,38	2,38
Extremadura	3,20	0,59	3,79
Galicia	1,97	0,17	2,14
Madrid	1,16	0,04	1,20
Murcia	2,39	0,51	2,90
Navarra	1,82	0,32	2,14
País Vasco	1,38	0,21	1,59
La Rioja	1,11	0,43	1,54
<b>Total industria</b>	<b>2,37</b>	<b>0,41</b>	<b>2,78</b>

Fonte: Unión Fenosa

## 3.3.8.

**Enerxías renovables en Galicia 2002-03: potencia instalada**

	2002	2003
	(en Mw)	
Gran hidráulica (P> 10 MW)	2.945	2.945
Minihidráulica (P ≤ 10 MW)	173	203
Eólica	1.297	1.579
Biomasa (1)	43	45
Solar fotovoltaica	0,15	0,37
<b>Total instalada con FER (2)</b>	<b>4.458</b>	<b>4.772</b>
<b>Potencia total instalada</b>	<b>7.556</b>	<b>7.898</b>
<b>E.renovable/E.Total Instalada (%)</b>	<b>59,0</b>	<b>60,4</b>

(1) Inclúe biogás, residuo gaseoso procedente da descomposición de materia orgánica como efuentes agroalimentarios, augas residuais e residuos de vertedoiros

(2) Fonte de enerxía renovables

Fonte: Instituto Enerxético de Galicia

xías renovables (enerxías que se renovan ou recuperan de maneira cíclica nunha escala temporal de curto prazo), o **cadro 3.3.8.** amosa que a potencia cíclica instalada con estas fontes enerxéticas ascendeu en 2003 a 4.772 MW, 314 MW máis que no ano anterior. En termos relativos, a súa importancia medra dende o 59,0% de 2002 ós 60,4% de 2003.

Ó longo de 2003 investíronse ó redor de 300 millóns de euros en instalacións que empregan estas fontes de enerxía, traballando unhas 3.000 persoas na construción e instalación de infraestructuras que empregan fontes renovables, en actividades de operación, mantemento e xestión das distintas centrais existentes en Galicia, así como na fabricación de compoñentes para as devanditas instalacións.

Dentro destas fontes enerxéticas cómpre salienta-la enerxía eólica, que nos últimos anos rexistrou un importante desenvolvemento, ó longo de 2003 a potencia instalada medrou en 282 MW, para acadar en 2003 unha potencia eléctrica instalada de 1.579 MW, o que representa o 33,1% da potencia eléctrica instalada con enerxías renovables e o 20,0% da potencia total instalada en Galicia. Comparado coa situación no resto das comunidades autónomas, Galicia é a comunidade con maior potencia instalada (25,5% del total español en 2003), ademais de se-la comunidade que ten o maior potencial de instalación a medio prazo.

Ademais desta enerxía eólica, o devandito **cadro 3.3.8.** reflicte que a potencia instalada xerada pola enerxía “gran hidráulica” foi de 2.945 MW, fronte ás 203 MW da enerxía minihidráulica, e os 45 MW e 0,4 MW xerados pola biomasa e a enerxía fotovoltaica.

#### • *Gas natural*

O número de abonados a Gas Galicia

e Gas Coruña a 31 de decembro de 2003 ascendeu a 130.654 (103.319 usuarios de Gas Galicia) e o de quilómetros de rede, a 1.294,6 quilómetros (1.096,8 km a corresponden a Gas Galicia).

#### • *Productos petrolíferos*

Respecto á **demanda de productos petrolíferos**, o **cadro 3.3.9.** reflicte o incremento do peso relativo do consumo de Galicia no total español que pasa do 6,1% de 2002 ó 7,4% de 2003. A demanda destes produtos acadou en 2003 os 3.534,9 miles de toneladas métricas, salientando, por unha banda, o peso relativo do consumo de fuel óleos no total estatal, que representan o 15,7%, e por outra, a escasa importancia relativa do consumo do queroseno, co 1,0%. O devandito cadro indica que o consumo de gasóleos representa o 61,5% do total de productos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 26% e do 11,3%, respectivamente.

#### • *Indicadores empresariais*

O sector enerxético estaba composto, segundo o estudio de Ardán, por 154 empresas, que xeraron un VEB a custo de factores de 278,4 millóns de euros (o 2,8% do total xerado polas empresas galegas consideradas), sendo o seu emprego medio de 14 traballadores por empresa. Cómpre salientar que neste subsector industrial non se atopan empresas como Endesa ou Unión Fenosa, xa que aínda que teñen unha importancia significativa en Galicia, teñen a súa razón social fóra da comunidade galega.

O grupo de actividades más importante dentro deste subsector polo seu VEB a custo de factores é o de produción e distribución de enerxía eléctrica, onde as 59 empresas consideradas xeran un VEB de 174,2 millóns de euros. Séguelle en

## 3.3.9.

*Consumo de productos petrolíferos 2002-03***2002**

	<b>Gasolinas</b> (en toneladas métricas)	<b>Gasóleos</b>	<b>Querosenos</b>	<b>Fuel óleos</b>	<b>Total</b>
A Coruña	157.000	749.272	24.507	350.462	1.281.241
Lugo	51.112	319.751	-	16.894	387.757
Ourense	50.665	241.338	-	17.380	309.591
Pontevedra	145.973	688.122	11.717	57.283	903.095
<b>Total</b>	<b>404.750</b>	<b>1.998.483</b>	<b>36.224</b>	<b>442.019</b>	<b>2.881.476</b>
<b>Total España</b>	<b>7.642.893</b>	<b>25.974.322</b>	<b>3.705.433</b>	<b>9.841.678</b>	<b>47.164.326</b>
<b>Galicia/España (%)</b>	<b>5,3</b>	<b>7,7</b>	<b>1,0</b>	<b>4,5</b>	<b>6,1</b>

**2003**

	<b>Gasolinas</b> (en toneladas métricas)	<b>Gasóleos</b>	<b>Querosenos</b>	<b>Fuel óleos</b>	<b>Total</b>
A Coruña	156.167	818.282	30.330	472.773	1.477.551
Lugo	51.594	346.558	-	325.798	723.950
Ourense	52.420	267.373	-	47.300	367.092
Pontevedra	139.424	742.448	12.577	71.875	966.323
<b>Total</b>	<b>399.604</b>	<b>2.174.660</b>	<b>42.906</b>	<b>917.746</b>	<b>3.534.917</b>
<b>Total España</b>	<b>8.065.416</b>	<b>29.743.373</b>	<b>4.377.589</b>	<b>5.840.033</b>	<b>48.026.411</b>
<b>Galicia/España (%)</b>	<b>5,0</b>	<b>7,3</b>	<b>1,0</b>	<b>15,7</b>	<b>7,4</b>

Fonte: Asociación Española de Operadores Petrolíferos

## 3.3.10.

*Complexo electricidade, enerxía e auga 2002: actividades que comprende o grupo*

	<b>Empresas</b>	<b>Ingresos de explotación</b>	<b>V.E.B. c.f.</b>	<b>Cash-flow</b>	<b>Activo total</b>	<b>Emprego medio</b>
(en miles de €)						
Extracción de hulla e lignito	1	71.882,0	54.884,0	33.979,0	203.769,0	154
Distrib. de carbón, miner., petról e pdtos. petr.	47	144.583,7	10.196,1	2.105,4	68.537,5	8
Producción e distribución de enerxía eléctrica	59	298.032,8	174.244,3	105.634,5	1.533.037,1	9
Distribución de gas, combustible e auga	47	116.892,8	39.116,2	10.447,3	235.687,0	20
<b>Total</b>	<b>154</b>	<b>631.391,3</b>	<b>278.440,5</b>	<b>152.166,2</b>	<b>2.041.030,7</b>	<b>14</b>
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)</b>	<b>1,1</b>	<b>1,3</b>	<b>2,8</b>	<b>5,8</b>	<b>5,0</b>	

Fonte: Ardán

importancia a empresa pertencente ó grupo de actividade extracción de hulla e lignito, que xera un VEB cun valor de 54,9 millóns de euros. Entre ámbalas dúas actividades acaparan o 82,3% do VEB xerado polas empresas consideradas neste sector.

O principal **núcleo de localización** das empresas segundo o seu VEB xerado foi Santiago, que con 101,4 millóns de euros acolle o 36,4% do valor engadido bruto do sector. Séguelle en importancia A

Coruña, con 86,1 millóns de euros, e Lugo, con 22,6 millóns de euros. Nestes tres núcleos de actividade concéntrase o 75,5% do VEB do sector en Galicia.

A **conta de explotación agregada** das 154 empresas do subsector enerxético, **adro 3.3.12.**, amosa que no ano 2002 rexistrouse unha medra do seu resultado neto do exercicio do 45,8% para situarse nos 67,5 millóns de euros. Asemade, amosa que o resultado de actividades ordi-

**3.3.11.*****Complexo electricidade, enerxía e auga 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB***

Núcleos	2001 (en miles de €)	2002 (en miles de €)	02/01 (%)
Santiago	65.966,0	101.356,2	53,6
A Coruña	74.095,1	86.103,0	16,2
Lugo	21.055,7	22.655,3	7,6
Muras	10.509,1	9.927,0	-5,5
A Rúa	-148,3	9.542,0	-6.535,6
Vigo	3.525,6	9.163,3	159,9
Cee	5.086,5	5.121,1	0,7
Ortigueira	4.101,0	3.781,5	-7,8

Fonte: Ardán

**3.3.12.*****Evolución da actividade no complexo electricidade, enerxía e auga 2001-02: ingresos, custos e resultados***

	2001 (en miles de €)	2002 (%)	2002 (en miles de €)	2002 (%)	02/01 (%)
<b>Ingresos de explotación</b>	614.412,3	100	631.391,3	100	2,8
<b>Consumo e outros gastos de explotación</b>	401.589,9	65,36	352.950,8	55,90	-12,1
<b>Valor engadido bruto a custo dos factores</b>	212.822,4	34,64	278.440,5	44,10	30,8
<b>Gastos de persoal</b>	42.895,8	6,98	46.305,9	7,33	7,9
<b>Resultado económico bruto da explotación</b>	169.926,6	27,66	232.134,6	36,77	36,6
<b>Amortizacións</b>	67.060,7	10,91	86.663,9	13,73	29,2
<b>Resultado económico neto da explotación</b>	102.865,9	16,74	145.470,6	23,04	41,4
<b>Resultado financeiro</b>	-27.986,36	-4,55	-34.128,79	-5,41	-21,9
Ingresos financeiros	14.196,1	2,31	15.135,8	2,40	6,6
Gastos financeiros	42.182,5	6,87	49.264,6	7,80	16,8
<b>Resultado de actividades ordinarias</b>	74.879,6	12,19	111.341,8	17,63	48,7
<b>Resultado de actividades extraordinarias</b>	-6.979,67	-1,14	-10.052,32	-1,59	-44,0
<b>Resultado antes de impuestos</b>	67.899,9	11,05	101.289,5	16,04	49,2
<b>Impostos</b>	21.579,5	3,51	33.740,1	5,34	56,4
<b>Resultado neto do exercicio</b>	46.320,4	7,54	67.549,5	10,70	45,8
<b>Cash-flow</b>	112.891,2	18,37	152.166,2	24,10	34,8

Fonte: Ardán

**3.3.13.*****Evolución do investimento e do financiamento no complexo electricidade, enerxía e auga 2001-02***

	2001 (en miles de €)	2002 (%)	2002 (en miles de €)	2002 (%)	02/01 (%)
<b>Activo total</b>	1.768.732,9	100	2.041.030,7	100	15,4
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.411.136,8	79,78	1.623.082,8	79,52	15,0
Gastos amortizables	18.026,3	1,02	15.538,4	0,76	-13,8
Inmobiliizado inmaterial	59.976,5	3,39	59.162,0	2,90	-1,4
Inmobiliizado material	1.082.403,7	61,20	1.203.835,7	58,98	11,2
Outro inmobiliizado	231.136,7	13,07	334.859,6	16,41	44,9
Outro activo fixo	19.593,5	1,11	9.687,0	0,47	-50,6
<b>Circulante neto</b>	357.596,1	20,22	417.947,9	20,48	16,9
Existencias	17.237,9	0,97	19.300,7	0,95	12,0
Debedores	207.675,2	11,74	195.403,2	9,57	-5,9
Tesourería	34.910,2	1,97	47.119,4	2,31	35,0
Outro activo circulante	97.772,8	5,53	156.124,5	7,65	59,7
<b>Fuentes de financiamento</b>	1.768.732,9	100	2.041.030,7	100	15,4
<b>Financiamento permanente</b>	1.318.501,2	74,54	1.440.101,9	70,56	9,2
Fondos propios	481.582,9	27,23	517.608,9	25,36	7,5
Recursos alleos I/p	790.935,9	44,72	872.290,7	42,74	10,3
Ingresos distribuidos en varios exercicios	45.982,5	2,60	50.202,3	2,46	9,2
<b>Acreedores a curto plazo</b>	450.231,6	25,46	600.928,9	29,44	33,5
<b>Fondo de rotación</b>	-92.635,5	-5,24	-182.981,0	-8,97	-97,5

Fonte: Ardán

## 3.3.14.

**Complexo eléctricidade, enerxía e auga 2000-01: estudio económico-financeiro**

**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rido. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
2002	0,66	5,94	30,22	26,92	6,12	18,53	3,99	3,08	1,14	0,97	5,74
2001	7,89	8,83	32,78	27,06	6,41	18,70	4,75	3,13	1,42	1,04	6,78

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
(%)											
2002	5,93	5,82	4,58	3,30	1,01	1,72	12,98	14,60	2,31	2,22	1,75
2001	6,45	5,83	5,52	3,36	0,97	1,72	14,44	15,20	2,10	2,34	2,02

Fonte: Ardán

narias medrou un 48,7% ata os 111,3 millóns de euros, e que o resultado antes de impostos aumentou un 49,2%, situándose nos 101,3 millóns de euros.

En 2002 prodúcese unha medra do VEB a custo de factores do 30,8% respecto ó ano precedente, 28 puntos porcentuais superior ó rexistrado polos ingresos de explotación (2,8%), polo que o seu peso relativo aumenta dende o 34,6% de 2001 ata o 44,1% do ano 2002. Asemade, o devandito cadro reflicte un empeoramento do resultado financeiro (-21,9% respecto ó 2001).

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.13.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre o 88,7% do activo fixo neto, cubríndose o 11,3% restante co acreedores a curto prazo. O fondo de rotación descendeu un 97,5% acadando un valor negativo de -0,18 millóns de euros. No concernente ás fontes de financiamento, o 70,6% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 7,5% respecto ó ano anterior, supoñen o 25,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 10,3%, cun peso relativo do 42,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.041,1 millóns de euros, un 15,4% superior ó valor de 2001, dos que 1.623,1 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 15% superior respecto ó ano anterior). Os 417,9 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que aumentou un 16,9% en relación a 2001.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.14.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos (7,9% en 2001 e 0,7% en 2002), un descenso respecto ós ingresos do VEB, un descenso do peso

relativo dos gastos de persoal e un descenso da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector é 5,28 puntos porcentuais inferior, ó contrario do que acontece coa evolución do VEB sobre os ingresos, que é 3,3 puntos superior.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos presentan unha diminución no ano 2002. A primeira por mor fundamentalmente da reducción da marxe, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, xa que o custo neto da débeda rexistra unha medra.

## Bens intermedios

Tendo en conta os criterios de selección considerados polo Ardán, o subsector industrial de bens de intermedios, composto polos subsectores de minerais non metálicos, produtos químicos e derivados e a industria auxiliar, comprende un total de 987 empresas, o que representa o 7,3% do total das empresas consideradas. En conxunto, estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 853,1 millóns de euros en 2002, o 8,5% do VEB total xerado polas empresas galegas consideradas, sendo o seu emprego medio de 25 traballadores segundo os datos por elas mesmas facilitados.

Atendendo ós tres grandes subsectores que comprende o grupo, o máis importante, segundo as variables consideradas no **cadro 3.3.15.**, é o da industria auxiliar, que acolle un total de 484 empresas (o 49% das empresas de bens intermedios) e que xeran o 55,4% do total dos ingresos de explotación e o 51,5% do valor engadido bruto a custo de factores do subsector industrial bens intermedios.

Vigo e O Porriño son os principais núcleos de localización das empresas

## 3.3.15.

**Sector de bens intermedios 2002: actividades que comprende o grupo**

	<b>Empresas</b>	<b>Ingresos de explotación</b>	<b>V.E.B. c.f.</b>	<b>Cash-flow</b>	<b>Activo total</b>	<b>Emprego medio</b>
(en millóns de €)						
<b>Minerais non metálicos</b>	254	731,3	277,9	89,4	959,9	32
<b>Productos químicos e derivados</b>	249	994,4	135,6	41,2	836,7	16
<b>Industria auxiliar</b>	484	2.144,3	439,7	125,8	1.580,1	26
<b>Total</b>	987	3.870,0	853,1	256,4	3.376,7	25
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)</b>	7,3	7,8	8,5	9,8	8,3	

Fonte: Ardán

## 3.3.16.

**Sector de bens intermedios 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

<b>Núcleos</b>	<b>2001</b>	<b>2002</b>	<b>02/01</b>
	(en millóns de €)	(%)	
<b>Vigo</b>	75,5	87,0	15,1
<b>O Porriño</b>	69,7	81,5	17,0
<b>Narón</b>	87,9	78,5	-10,7
<b>Carballeda</b>	61,3	56,6	-7,8
<b>A Coruña</b>	44,9	54,3	20,9
<b>Barco de Valdeorras</b>	39,1	42,8	9,3
<b>Arteixo</b>	28,8	27,4	-4,9
<b>Padrón</b>	22,7	26,0	14,3

Fonte: Ardán

## 3.3.17.

**Evolución da actividade no sector de bens intermedios 2001-02: ingresos, custos e resultados**

	<b>2001</b>	<b>2002</b>	<b>02/01</b>		
	(en miles de €)				
<b>Ingresos de explotación</b>	3.582.510,0	100	3.869.971,8	100	8,0
<b>Consumo e outros gastos de explotación</b>	2.795.454,2	78,03	3.016.855,7	77,96	7,9
<b>Valor engadido bruto a custo dos factores</b>	787.055,8	21,97	853.116,0	22,04	8,4
<b>Gastos de persoal</b>	452.668,5	12,64	502.238,3	12,98	11,0
<b>Resultado económico bruto da explotación</b>	334.387,3	9,33	350.877,7	9,07	4,9
<b>Amortizaciones</b>	113.964,6	3,18	133.825,3	3,46	17,4
<b>Resultado económico neto da explotación</b>	220.422,7	6,15	217.052,4	5,61	-1,5
<b>Resultado financeiro</b>	-38.515,0	-1,08	-32.847,4	-0,85	14,7
Ingresos financeiros	22.169,3	0,62	30.877,5	0,80	39,3
Gastos financeiros	60.684,4	1,69	63.725,0	1,65	5,0
<b>Resultado de actividades ordinarias</b>	181.907,7	5,08	184.205,1	4,76	1,3
<b>Resultado de actividades extraordinarias</b>	29.272,9	0,82	12.668,7	0,33	-56,7
<b>Resultado antes de impostos</b>	211.180,6	5,89	196.873,7	5,09	-6,8
<b>Impostos</b>	66.409,5	1,85	61.850,0	1,60	-6,9
<b>Resultado neto do exercicio</b>	144.771,0	4,04	135.023,7	3,49	-6,7
<b>Cash-flow</b>	254.480,7	7,10	256.355,9	6,62	0,7

Fonte: Ardán

## 3.3.18.

*Evolución do investimento e do financiamento no sector de bens intermedios 2001-02*

	2001		2002		02/01 (%)
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	
<b>Activo total</b>	2.965.989,3	100	3.376.673,9	100	13,8
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.234.030,1	41,61	1.437.011,1	42,56	16,4
Gastos amortizables	24.872,4	0,84	38.747,4	1,15	55,8
Inmobilizado inmaterial	81.426,6	2,75	103.221,3	3,06	26,8
Inmobilizado material	878.609,3	29,62	1.022.133,4	30,27	16,3
Outro inmobilizado	248.319,7	8,37	271.244,4	8,03	9,2
Outro activo fixo	802,2	0,03	1.664,5	0,05	107,5
<b>Circulante neto</b>	1.731.959,2	58,39	1.939.662,8	57,44	12,0
Existencias	412.425,4	13,91	469.560,9	13,91	13,9
Debedores	959.941,0	32,36	1.072.166,5	31,75	11,7
Tesourería	142.037,3	4,79	145.824,5	4,32	2,7
Outro activo circulante	217.555,6	7,34	252.111,0	7,47	15,9
<b>Fontes de financiamento</b>	2.965.989,3	100,00	3.376.673,9	100,00	13,8
<b>Financiamento permanente</b>	1.600.674,3	53,97	1.838.920,0	54,46	14,9
Fondos propios	1.188.151,8	40,06	1.346.288,4	39,87	13,3
Recursos alleos l/p	357.787,7	12,06	414.575,6	12,28	15,9
Ingresos distribuidos en varios exercicios	54.734,8	1,85	78.056,0	2,31	42,6
<b>Acreedores a curto plazo</b>	1.365.315,1	46,03	1.537.753,9	45,54	12,6
<b>Fondo de rotación</b>	366.644,1	12,36	401.908,9	11,90	9,6

Fonte: Ardán

segundo o VEB xerado, con 87 e 81,5 millóns de euros, respectivamente. Este VEB xerado nestes municipios representa, en conxunto, o 19,7% do VEB xerado polas empresas englobadas no subsector industrial bens intermedios.

A conta de explotación agregada das empresas deste subsector, **cadro 3.3.17.**, amosa que no ano 2002 presentaron unha reducción do seu resultado neto do exercicio e do resultado antes de impostos do 6,7% e 6,8%, respectivamente, acadando, en termos absolutos, os 135 e 196,9 millóns de euros, respectivamente. O resultado de actividades ordinarias increméntase no 1,3% acadando os 184,2 millóns de euros.

O crecemento do VEB no ano 2002 foi do 8,4%, 0,4 puntos máis que o que o fan os ingresos de explotación, polo que o seu peso relativo ascende dende o 21,9% de 2001 ata o 22% do ano 2002.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o

**cadro 3.3.18.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 20,7% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 401,9 millóns de euros, un 9,6% superior ó existente o ano anterior. O 79,3% restante está financiado polos acreedores a curto plazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 54,5% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 13,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 39,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo plazo medraron un 15,9%, sendo o seu peso relativo do 12,2% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 3.376,7 millóns de euros, un 13,8% superior ó valor de 2001, dos que 1.437 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 16,4% superior respecto ó ano anterior). Os 1.939,7 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 12% en relación a 2001.

No que ó **estudio económico** e

## 3.3.19.

**Sector de bens intermedios 2001-02: estudio económico-financiero****Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. e. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos		
Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	
2002	5.40	5.94	25.33	26.92	16.86	18.53	3.62	3.08	1.15	0.97	4.49	3.51
2001	9.20	8.83	25.53	27.06	16.87	18.70	3.87	3.13	1.25	1.04	4.41	3.45

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento		
Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	
(%)		(%)										
2002	6.30	5.82	4.02	3.30	1.53	1.72	14.63	14.60	2.31	2.22	2.10	2.38
2001	6.06	5.83	4.08	3.36	1.51	1.72	14.81	15.20	2.52	2.34	2.18	2.48

Fonte: Ardán

**financeiro** se refire, o **adro 3.3.19.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, así como respecto ós ingresos do VEB e da carga financeira, permanecendo constante o peso relativo dos gastos de persoal. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 0,5 puntos inferior, sendo esta diferencia de 1,6 puntos porcentuais no caso da evolución do VEB sobre os ingresos.

As rendibilidades económica ascende en 2002, mentres que a rendibilidade financeira descende rexistrándose en 2002 unha reducción do custo da débeda. O devandito **adro 3.3.19.** amosa que as rendibilidades económica e financeira seguen sendo superiores ás rexistradas polo conxunto das empresas galegas analizadas por Ardán.

Dentro destas industrias hai que salienta-la importancia da **industria extractiva** (capítulo 68, manufacturas de pedra, xeso, cemento, amiante, mica ou materias análogas) para a economía galega. Este capítulo se converte no sexto capítulo exportador de Galicia, cun importe de 312,6 millóns de euros en 2003 (o 3,2% do total das exportacións galegas e o 30,7% do total das exportacións de semi-manufacturas). Atendendo á desagregación por provincias, destaca por riba de todas a provincia de Ourense que exporta o 58,4% do total das exportacións do capítulo 68.

Segundo o criterio de selección de empresas de Ardán, esta industria, que abarca as actividades de extracción de lousa e granito, o traballo da pedra, a fabricación de arxila e xeso e outros produtos e a extracción de outros minerais non metálicos, estaría composta por 254 empresas (1,9% do total de empresas consideradas) que producen o 2,8% do VEB a custo de factores (277,9 millóns de euros).

En Galicia pódense distinguir dúas grandes zonas de xeración do VEB: por unha banda, a parte oriental da provincia de Ourense, que acolle os dous principais núcleos de localización destas industrias (Carballeda e Barco de Valdeorras) e que estarían xerando o 35,7% do VEB total do subsector, e pola outra banda, hai que considera-lo sur da provincia de Pontevedra, onde O Porriño, Vigo, Mos, Tui, Salceda de Caselas e A Guarda producen un 30,3% do VEB xerado por esta actividade en Galicia.

## Bens de equipamento

A análise da industria de bens de equipamento baséase na información facilitada polo Ardán, o cluster de empresas de automoción (Ceaga) e mailo IGE.

Centrándonos nos indicadores empresariais, e tendo en conta os criterios de selección seguidos polo Ardán, o subsector industrial de bens de equipamento, composto polos subsectores de maquinaria e equipo, automoción e o subsector naval, comprende un total de 2.080 empresas, o que representa o 15,4% do total das empresas consideradas. En conxunto, estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 1.794,2 millóns de euros no ano 2002, o 17,9% do VEB total xerado polas empresas galegas consideradas, sendo o seu emprego medio de 26 traballadores por empresa segundo os datos por elas mesmas facilitados.

Atendendo ós distintos subsectores que comprende esta industria, o **adro 3.3.20.** reflicte a importancia do subsector da automoción, tanto no que se refire a que é o que acolle o maior número de empresas, con 1.032 (o 49,6% do total de empresas englobadas nas industrias de bens de equipamento), como no concorrente á xeración do VEB a custo de factores (1.218,8 millóns de euros) e ós ingresos de explotación (8.954 millóns de

## 3.3.20.

**Sector de bens de equipamento 2002: actividades que comprende o grupo**

	<b>Empresas</b>	<b>Ingresos de explotación</b>	<b>V.E.B. c.f.</b>	<b>Cash-flow</b>	<b>Activo total</b>	<b>Emprego medio</b>
(en millóns de €)						
<b>Maquinaria e equipamento</b>	894	1.954,0	386,3	83,8	1.317,6	14
<b>Automoción</b>	1.032	8.949,3	1.218,8	140,6	3.615,3	35
<b>Naval</b>	154	815,4	189,1	12,2	788,8	41
<b>Total</b>	2.080	11.718,7	1.794,2	236,5	5.721,6	26
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)</b>	15,4	23,6	17,9	9,0	14,1	

Fonte: Ardán

## 3.3.21.

**Sector de bens de equipamento 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

<b>Núcleos</b>	<b>2001</b>	<b>2002</b>	<b>02/01</b>
(en millóns de €)			
<b>Vigo</b>	1.047,6	1.020,4	- 2,6
<b>A Coruña</b>	122,1	134,4	10,1
<b>Santiago</b>	90,1	93,1	3,4
<b>O Porriño</b>	65,3	78,0	19,4
<b>Mos</b>	39,0	42,6	9,3
<b>Lugo</b>	34,1	36,2	6,1
<b>San Cibrao das Viñas</b>	31,2	30,2	- 3,2
<b>Pontevedra</b>	22,2	22,6	1,8

Fonte: Ardán

euros), que representan, respectivamente, o 68% e 76,4% do total xerado neste subsector.

Por mor da importancia do sector da automoción, Vigo é o principal **núcleo de localización** das empresas segundo o VEB xerado por elas mesmas, con 1.020,4 millóns de euros. Este VEB xerado representa o 56,9% do VEB xerado polas empresas englobadas no subsector industrial bens intermedios.

A **conta de explotación agregada** das empresas deste subsector amosa unha caída do 74,5% do resultado neto do exercicio, que acada os 10,8 millóns de euros. O resultado de actividades ordinarias descede un 16,6% respecto ó ano anterior, acadando os 231,7 millóns de euros, en tanto que o resultado de actividades extraordinarios permanece constante acadando os -213,1 millóns de euros no 2002.

Os ingresos de explotación creceron

un 1,8% ó longo de 2002, e o VEB a custo de factores increméntase no 1,6%, polo que o seu peso relativo permanece constante no 15,3%. Asemade, o devandito cadre reflicte un descenso do 70,3% no caso do resultado financeiro.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.23.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 9,4% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 373,8 millóns de euros, un 138,7% superior ó existente o ano anterior. O 90,6% restante está financiado polos acredores a curto prazo.

No concernente ás fontes de financiamento, o 37,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que ascenderon un 18,1% respecto ó ano anterior, supoñen o 27,5% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 7,1%, cun peso relativo do

**3.3.22.****Evolución da actividad no sector de bens de equipamento 2001-02: ingresos, custos e resultados**

	2001		2002		02/01
	(en miles de €)	(%)	(en millones de €)	(%)	(%)
<b>Ingresos de explotación</b>	11.511.344,9	100	11.718.733,3	100	1,8
<b>Consumo e outros gastos de explotación</b>	9.745.857,5	84,66	9.924.534,0	84,69	1,8
<b>Valor engadido bruto a custo dos factores</b>	1.765.487,4	15,34	1.794.199,3	15,31	1,6
<b>Gastos de persoal</b>	1.220.230,3	10,60	1.248.442,6	10,65	2,3
<b>Resultado económico bruto da explotación</b>	545.257,1	4,74	545.756,7	4,66	0,1
<b>Amortizáronas</b>	229.269,0	1,99	249.284,7	2,13	8,7
<b>Resultado económico neto da explotación</b>	315.988,1	2,75	296.472,0	2,53	-6,2
<b>Resultado financeiro</b>	-38044,99	-0,33	-64775,95	-0,55	-70,3
Ingresos financieros	39.174,3	0,34	25.161,6	0,21	-35,8
Gastos financieros	77.219,3	0,67	89.937,6	0,77	16,5
<b>Resultado de actividades ordinarias</b>	277.943,0	2,41	231.696,1	1,98	-16,6
<b>Resultado de actividades extraordinarias</b>	-210.669,35	-1,83	-213.142,51	-1,82	-1,2
<b>Resultado antes de impuestos</b>	67.273,8	0,58	18.553,8	0,16	-72,4
<b>Impostos</b>	24.760,7	0,22	7.700,5	0,07	-68,9
<b>Resultado neto do exercicio</b>	42.512,9	0,37	10.853,0	0,09	-74,5
<b>Cash-flow</b>	262.350,9	2,28	236.543,3	2,02	-9,8

Fonte: Ardán

**3.3.23.****Evolución do investimento e do financiamento no sector de bens de equipamento 2001-02**

	2001		2002		02/01
	(en miles de €)	(%)	(en millones de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	5.272.909,9	100,00	5.721.613,0	100,00	8,5
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.698.815,3	32,22	1.755.565,5	30,68	3,3
Gastos amortizables	19.271,4	0,37	22.743,3	0,40	18,0
Inmobiliado inmaterial	106.997,2	2,03	115.058,5	2,01	7,5
Inmobiliado material	1.084.962,0	20,58	1.179.934,3	20,62	8,8
Outro inmobiliado	484.730,2	9,19	435.121,3	7,60	-10,2
Outro activo fixo	2.854,3	0,05	2.707,7	0,05	-5,1
<b>Circulante neto</b>	3.574.094,6	67,78	3.966.047,6	69,32	11,0
Existencias	1.024.899,7	19,44	1.137.211,2	19,88	11,0
Debedores	2.208.433,9	41,88	2.372.761,0	41,47	7,4
Tesourería	244.050,7	4,63	243.185,6	4,25	-0,4
Outro activo circulante	96.710,4	1,83	212.889,7	3,72	120,1
<b>Fontes de financiamento</b>	5.272.909,9	100,00	5.721.613,0	100,00	8,5
<b>Financiamento permanente</b>	1.855.445,1	35,19	2.129.383,7	37,22	14,8
Fondos propios	1.331.902,2	25,26	1.573.098,0	27,49	18,1
Recursos alieos l/p	462.022,0	8,76	494.632,2	8,64	7,1
Ingresos distribuídos en varios exercicios	61.520,8	1,17	61.653,5	1,08	0,2
<b>Acreedores a curto plazo</b>	3.417.464,9	64,81	3.592.229,7	62,78	5,1
<b>Fondo de rotación</b>	156.629,7	2,97	373.817,9	6,53	138,7

Fonte: Ardán

## 3.3.24.

**Sector de bens de equipamento 2001-02: estudio económico-financiero****Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos	Gastos persoal / ingresos	Ritmo ec. n. explotac. / ingresos	Carga financeira / ingresos	Cash-flow / ingresos						
Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector						
2002	4,21	5,94	19,32	26,92	13,90	18,53	2,65	3,08	0,85	0,97	2,51	3,51
2001	6,98	8,83	18,94	27,06	13,42	18,70	2,82	3,13	0,89	1,04	2,58	3,45

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

Rendibilidade Económica		Marxe	Rotación de activos	Rendibilidade financeira antes de impostos	Coste neto da díbeda	Coeficiente de endebedamento						
Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector						
(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)						
2002	5,63	5,82	2,80	3,30	1,89	1,72	14,25	14,60	2,06	2,22	2,39	2,38
2001	6,03	5,83	3,05	3,36	1,92	1,72	15,58	15,20	2,16	2,34	2,54	2,48

Fonte: Ardan

**3.3.25.***Complexo da automoción 2002: actividades que comprende o grupo*

	<b>Empresas</b>	<b>Ingresos de explotación</b>	<b>V.E.B. c.f.</b>	<b>Cash-flow</b>	<b>Activo total</b>	<b>Emprego medio</b>
(en miles de €)						
Fabr. Vehic. Motor, Carroc., Remol. E similar	32	5.273.871,6	638.604,8	5.088,0	1.789.634,4	471
Fabricación de recambios e pezas de motor	21	872.637,1	228.341,8	69.945,9	581.384,7	215
Distr. May. Vehic. Motor, Recamb. E accesor.	157	661.172,9	79.218,5	12.488,1	302.195,0	21
Distr. Min. Vehic. Motor, Recamb. E accesor.	300	1.314.252,0	130.130,9	22.440,2	509.121,2	17
Estacións de servicio e gasoliñeras	200	464.286,2	41.912,5	10.116,1	151.590,7	8
Servicios de aparcamento de vehículos	13	8.416,3	4.950,2	2.620,5	45.641,8	8
Serv. Reparac. Relacion. coa automoción	285	298.461,3	66.348,3	8.008,5	162.492,7	11
Outros serv. Relacionados co automóbil	24	56.248,3	29.272,4	9.873,0	73.244,6	11
<b>Total</b>	<b>1.032</b>	<b>8.949.345,8</b>	<b>1.218.779,4</b>	<b>140.580,3</b>	<b>3.615.305,0</b>	<b>35</b>
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)</b>	<b>7,6</b>	<b>18,0</b>	<b>12,2</b>	<b>5,4</b>	<b>8,9</b>	

Fonte: Ardán

8,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 5.721,6 millóns de euros, 8,5% superior ó valor de 2001, dos que 1.755,6 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 3,3% superior respecto ó ano anterior). Os 3.966 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que se incrementou nun 11% en relación a 2001.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.24.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB e do peso relativo dos gastos de persoal, así como unha lixeira diminución da carga financeira. Comparado co valor destes indicadores para o conxunto das empresas galegas consideradas, este subsector presenta valores inferiores.

A rendibilidade económica e financeira antes de impostos descenden no ano 2002 para situarse no 5,63% e 14,25%, respectivamente. A primeira influenciada pola reducción da rotación de activos, e a segunda influenciada pola caída da rendibilidade económica.

#### • Automoción

A produción total de vehículos auto-

móbiles en Galicia descendeu en 2003 un 0,6% respecto ó ano precedente, para situarse nos 472.745 vehículos no último ano fronte ós 475.673 do ano anterior. Asemade, a produción de turismos tamén rexistra unha caída en 2003, para situarse nos 199.615 vehículos (un 16,7% inferior respecto á produción de 2002).

O cluster de automoción, que non inclúe o centro PSA en Vigo, está composto por un total de 55 empresas, que acollen un total de 12.100 traballadores (un 10,9% máis que no ano anterior). A súa facturación, despois dunha medra do 19,6% respecto ó 2002, ascendeu no ano 2003 a 2.100 millóns de euros.

Como reflicte o **cadro 3.3.25.**, e tendo en conta os criterios de selección seguidos polo Ardán, o subsector da automoción estaba composto por 1.032 empresas, o que representa o 7,6% do total das empresas consideradas. En conxunto, estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 1.218,8 millóns de euros no ano 2002, o 12,2% do VEB total xerado polas empresas galegas consideradas, sendo o seu emprego medio de 35 traballadores por empresa segundo os datos por elas mesmas facilitados.

Atendendo ós diferentes grupos de

## 3.3.26.

*Complexo da automoción 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB*

Núcleos	2001 (en miles de €)	2002 (en miles de €)	02/01 (%)
Vigo	834.279,2	793.892,3	-4,8
Porriño	53.533,5	65.211,0	21,8
A Coruña	53.332,4	60.423,6	13,3
Santiago	44.175,5	45.399,7	2,8
Mos	24.584,0	28.553,7	16,1
Lugo	25.763,7	26.501,8	2,9
San Cibrao das Viñas	26.272,3	24.623,4	-6,3
Pontevedra	13.572,9	13.748,1	1,3

Fonte: Ardán

## 3.3.27.

*Evolución da actividad no complexo da automoción 2001-02: ingresos, custos e resultados*

	2001 (en miles de €)	(%)	2002 (en miles de €)	(%)	02/01 (%)
Ingresos de explotación	8.950.767,8	100	8.949.345,8	100	-0,0
Consumo e outros gastos de explotación	7.721.960,9	86,27	7.730.566,3	86,38	0,1
Valor engadido bruto a custo dos factores	1.228.806,8	13,73	1.218.779,4	13,62	-0,8
Gastos de persoal	831.867,5	9,29	838.842,8	9,37	0,8
Resultado económico bruto da explotación	396.939,4	4,43	379.936,7	4,25	-4,3
Amortizácións	183.576,6	2,05	186.590,1	2,08	1,6
Resultado económico neto da explotación	213.362,7	2,38	193.346,6	2,16	-9,4
Resultado financeiro	-8.829,4	-0,10	-38.331,9	-0,43	-334,1
Ingresos financeiros	29.434,0	0,33	13.144,3	0,15	-55,3
Gastos financeiros	38.263,5	0,43	51.476,3	0,58	34,5
Resultado de actividades ordinarias	204.533,2	2,29	155.014,9	1,73	-24,2
Resultado de actividades extraordinarias	-211.174,2	-2,36	-217.503,1	-2,43	-3,0
Resultado antes de impostos	-6.641,0	-0,07	-62.488,1	-0,70	-840,9
Impostos	588,1	0,01	-22.893,6	-0,26	-3992,9
Resultado neto do exercicio	-7.229,2	-0,08	-39.594,7	-0,44	-447,7
Cash-flow	170.133,4	1,90	140.580,3	1,57	-17,4

Fonte: Ardán

actividades que comprende esta industria, reflectidos no devandito **cadro 3.3.25.**, as 32 empresas pertencentes ó grupo de actividades “Fabricación de vehículos de motor, carrocerías, remolques e similares” xeran o 52,4% do VEB total a custo dos factores deste subsector (638,6 millóns de euros) e o 58,9% dos ingresos de explotación (5.273,9 millóns de euros).

Por mor da importancia do sector da automoción, Vigo é o principal **núcleo de localización** das empresas segundo o VEB xerado por elas mesmas, con 793,9 millóns de euros. Este VEB xerado representa o 65,1% do VEB xerado polas empresas englobadas no subsector da industria de automoción.

**A conta de explotación agregada**

das empresas deste subsector amosan que no ano 2002 experimentouse un descenso do 447,7% no seu resultado neto do exercicio e do 840,9% no resultado antes de impostos, acadando, en termos absolutos, un resultado negativo de 39,6 e 62,5 millóns de euros, respectivamente. O resultado de actividades ordinarias descendeu un 24,2% acadando os 155 millóns de euros, e o resultado de actividades extraordinarias caen dende os -211,1 millóns de euros de 2001 ós -217,5 millóns de euros de 2002 (**cadro 3.3.27.**).

Cómpre salientar que ó igual que acontecía no ano anterior, algúns dos resultados do sector de automoción vense influenciados polo impacto da participación no capital social das súas filiais en Arxentina e as dotacións de provisións por

**3.3.28.****Evolución do investimento e do financiamento no complexo da automoción 2001-02**

	2001		2002		02/01
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	
<b>Activo total</b>	3.414.112,7	100	3.615.305,0	100	5,9
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.245.614,8	36,48	1.261.699,2	34,90	1,3
Gastos amortizables	8.973,4	0,26	11.724,7	0,32	30,7
Inmobiliizado inmaterial	51.753,4	1,52	58.260,2	1,61	12,6
Inmobiliizado material	778.669,8	22,81	850.364,0	23,52	9,2
Outro inmobiliizado	405.289,8	11,87	340.545,9	9,42	-16,0
Outro activo fixo	928,5	0,03	804,3	0,02	-13,4
<b>Circulante neto</b>	2.168.498,0	63,52	2.353.605,8	65,10	8,5
Existencias	541.551,7	15,86	599.329,1	16,58	10,7
Debedores	1.477.113,4	43,26	1.570.271,8	43,43	6,3
Tesourería	118.582,5	3,47	107.916,1	2,98	-9,0
Outro activo circulante	31.250,4	0,92	76.088,7	2,10	143,5
<b>Fuentes de financiamento</b>	3.414.112,7	100	3.615.305,0	100	5,9
<b>Financiamento permanente</b>	1.159.560,2	33,96	1.371.566,6	37,94	18,3
Fondos propios	855.561,5	25,06	1.047.434,0	28,97	22,4
Recursos alleos l/p	273.653,5	8,02	289.718,8	8,01	5,9
Ingresos distribuidos en varios exercicios	30.345,2	0,89	34.413,8	0,95	13,4
<b>Acreedores a curto plazo</b>	2.254.552,4	66,04	2.243.738,6	62,06	-0,5
<b>Fondo de rotación</b>	-86.054,4	-2,52	109.867,2	3,04	227,7

Fonte: Ardán

depreciación das participacións nas filiais de Arxentina ante a continua devaluación do peso.

O VEB experimenta un descenso do 0,8% no ano 2002, e dado o descenso dos ingresos de explotación nese ano permanecen constantes, o seu peso relativo diminúe do 13,7% de 2001 ata os 13,6% do ano 2002.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.28.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre o cen por cen do activo fixo neto, cun 4,7% do circulante neto. Financiándose o 95,3% restante polos acredores a curto plazo. O fondo de rotación acada os 109,9 millóns de euros, un 227,7% superior ó existente o ano anterior.

No concernente ás fuentes de financiamento, o 37,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que aumentan un 22,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 28,9% do financiamen-

to total. Os recursos alleos a longo plazo medraron un 5,9%, cun peso relativo do 8% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 3.615,3 millóns de euros, un 5,9% superior ó valor de 2001, dos que 1.261,7 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 1,3% superior respecto ó ano anterior). Os 2.353,6 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que aumentou un 8,5% en relación a 2001.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.29.** reflecte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un descenso respecto ós ingresos do VEB e un aumento do peso dos gastos do persoal sobre os ingresos, así como unha lixeira diminución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é case tres puntos porcentuais inferior.

No ano 2001 diminúe tanto a rendi-

## 3.3.28.

**Complexo da automoción 2001-02: estudio económico-financeiro****Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

Crecemento dos ingresos	V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos personal / ingresos		Rtdo. ec. n. explicat. / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
2002	3.08	5.94	17.16	26.92	12.12	18.53	2.14	3.08
2001	6.51	8.83	17.36	27.06	12.04	18.70	2.15	3.13

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

Rendibilidade económica	Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
2002	5.26	5.82	2.31	3.30	2.17	1.72	12.39	14.60	2.11	2.22
2001	5.58	5.83	2.42	3.36	2.13	1.72	12.98	15.20	2.20	2.34

Fonte: Ardan

**3.3.30.****Construcción naval 2002-03**

	Novos contratos				Carteira de pedimentos			
	Exportación		Total	arqueo (1)	Exportación		Total	arqueo (1)
	Nº	arqueo (1)	Nº	arqueo (1)	Nº	arqueo (1)	Nº	arqueo (1)
2002	5	49.297	14	92.135	19	176.863	97	448.566
2003	17	50.248	17	50.248	77	376.270	77	376.270
				(%)				
03/02	240,0	1,9	21,4	-45,5	305,3	112,7	-20,6	-16,1

(1) en Gross Tonnage, equivalente a 1016,041kg

Fonte: IGE

**3.3.31.****Sector naval 2002: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
						(en miles de €)
Construcción e reparación de buques	132	767.863,6	180.564,9	11.236,6	759.292,1	43
Construcción, reparación e venda de embarcacións menores	13	26.123,5	5.805,9	732,3	12.631,8	34
Distribución minorista de embarcacións	9	21.436,3	2.741,9	243,5	16.828,4	13
<b>Total</b>	<b>154</b>	<b>815.423,4</b>	<b>189.112,7</b>	<b>12.212,4</b>	<b>788.752,3</b>	<b>41</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	1,1	1,6	1,9	0,5	1,9	

Fonte: Ardán

bilidade económica como a financeira antes de impostos. A primeira por mor da evolución da marxe, e a segunda, influenciada pola evolución da rendibilidade económica, e pola diminución do custo neto da débeda.

- **Naval**

O cluster do naval, creado en 1999, está formado no ano 2003 por un total de 129 empresas, que presentan unha facturación superior ós 730 millóns de euros e que acollen en torno a 6.800 traballadores.

O **cadro 3.3.30.** reflicte a **situación da construcción naval en Galicia** ó longo dos anos 2002 e 2003, e nel pódese observar unha medra no número de contratos novos (17 contratos fronte ós 14 do ano anterior), aínda que o arqueo experimenta un descenso do 45,5%, pasando das 92.135 toneladas a 50.248 toneladas brutas de 2003. A diferencia do ano anterior, neste ano tódolos contratos rexistrados

son contratos para exportación.

No caso da carteira de pedimentos, o número total de contratos ascendeu a 77, vinte menos que en 2002, correspondendo todos eles a contratos para a exportación. O arqueo total foi de 376.270 toneladas brutas, un 16,1% inferior á do 2002.

Como reflicte o **cadro 3.3.31.**, segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán o subsector do naval estaba composto por 154 empresas (non se inclúe Bazán), o 1,1% das empresas consideradas, que xeraban o 1,9% do VEB total das empresas galegas (180,6 millóns de euros), e tiñan uns ingresos de explotación de 767,9 millóns (o 1,6% dos ingresos totais das empresas galegas analizadas). O emprego medio nas empresas encadradas neste subsector foi de 41 traballadores.

O subsector estaba composto por tres grandes grupos de actividade: o da construcción e reparación de buques, con 132

## 3.3.32.

**Sector naval 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2001	2002	02/01
	(en miles de €)	(%)	
Vigo	130.653,5	136.479,5	4,5
Marín	7.591,9	8.005,9	5,5
Moaña	8.332,4	8.000,9	-4,0
A Coruña	5.887,7	5.624,4	-4,5
Ferrol	13.847,3	4.063,9	-70,7
Narón	3.054,0	4.040,5	32,3
Burela	2.654,7	2.577,5	-2,9
Paderne	2.214,8	2.569,3	16,0

Fonte: Ardán

## 3.3.33.

**Evolución da actividade no sector naval 2001-02: ingresos, custos e resultados**

	2001	2002	02/01		
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(%)
<b>Ingresos de explotación</b>	708.918,0	100	815.423,4	100	15,0
Consumo e outros gastos de explotación	517.646,7	73,02	626.310,8	76,81	21,0
Valor engadido bruto a custo dos factores	191.271,3	26,98	189.112,7	23,19	-1,1
Gastos de persoal	150.852,1	21,28	151.277,8	18,55	0,3
Resultado económico bruto da explotación	40.419,2	5,70	37.834,8	4,64	-6,4
Amortizacions	15.046,6	2,12	26.387,4	3,24	75,4
Resultado económico neto da explotación	25.372,6	3,58	11.447,4	1,40	-54,9
Resultado financeiro	-12.764,3	-1,8	-11.799,5	-1,4	7,6
Ingresos financeiros	2.416,3	0,34	3.016,0	0,37	24,8
Gastos financeiros	15.180,6	2,14	14.815,5	1,82	-2,4
Resultado de actividades ordinarias	12.608,3	1,78	-352,1	-0,04	-102,8
Resultado de actividades extraordinarias	1.927,4	0,27	3.380,3	0,41	75,4
Resultado antes de impuestos	14.535,7	2,05	3.028,2	0,37	-79,2
Impostos	4.304,5	0,61	5.838,1	0,72	35,6
Resultado neto do exercicio	10.231,1	1,44	-2.809,9	-0,34	-127,5
Cash-flow	24.193,2	3,41	12.212,4	1,50	-49,5

Fonte: Ardán

## 3.3.34.

**Evolución do investimento e do financiamento no sector naval 2001-02**

	2001	2002	02/01		
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	682.050,0	100	788.752,3	100	15,6
<b>Activo fixo (neto)</b>	187.071,8	27,43	183.545,8	23,27	-1,9
Gastos amortizables	4.785,6	0,70	5.554,7	0,70	16,1
Inmobiliizado inmaterial	22.329,3	3,27	22.071,9	2,80	-1,2
Inmobiliizado material	115.149,9	16,88	120.163,1	15,23	4,4
Outro inmobiliizado	43.668,9	6,40	34.484,5	4,37	-21,0
Outro activo fixo	1.138,2	0,17	1.271,6	0,16	11,7
<b>Circulante neto</b>	494.978,1	72,57	605.206,6	76,73	22,3
Existencias	185.539,8	27,20	237.127,4	30,06	27,8
Debedores	246.111,3	36,08	243.624,3	30,89	-1,0
Tesourería	30.035,2	4,40	31.800,4	4,03	5,9
Outro activo circulante	33.291,9	4,88	92.654,4	11,75	178,3
<b>Fontes de financiamento</b>	682.050,0	100,00	788.752,3	100,00	15,6
<b>Financiamento permanente</b>	214.568,7	31,46	204.304,1	25,90	-4,8
Fondos propios	119.044,5	17,45	117.067,0	14,84	-1,7
Recursos alleos l/p	71.460,9	10,48	67.907,3	8,61	-5,0
Ingresos distribuidos en varios exercicios	24.063,4	3,53	19.329,8	2,45	-19,7
<b>Acreedores a curto plazo</b>	467.481,2	68,54	584.448,1	74,10	25,0
<b>Fondo de rotación</b>	274.96,9	4,03	20.758,4	2,63	-24,5

Fonte: Ardán

## 3.3.35.

**Sector naval 2001-02: estudio económico-financiero***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

Crecemento dos ingresos	V.E.B.c.f. / Ingresos		Gastos personal / ingresos		Rtdo. ec. n. exploac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresado sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
2002	11.63	5.94	41.84	26.92	33.01	18.53	3.85	3.08	0.99	0.97
2001	7.74	8.83	44.01	27.06	36.42	18.70	4.44	3.13	1.20	1.04

*Rendibilidade e magnitudes asociadas*

Rendibilidade económica	Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da díbeda		Coeficiente de endeñedamiento	
	Empresado sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
2002	5,78	5,82	3,47	3,30	1,60	1,72	15,84	14,60	2,25	2,08
2001	7,38	5,83	4,63	3,36	1,56	1,72	18,29	15,20	2,29	2,14

Fonte: Ardán

empresas, e que acolle o 94,2% dos ingresos de explotación e o 95,5% do VEB xerado pola industria naval, o grupo de actividades da construcción, reparación e venda de embarcacións menores, e o da distribución polo miúdo de embarcacións, con 13 e 9 empresas respectivamente.

Vigo é o principal **núcleo de localización** das empresas segundo o VEB xerado por elas mesmas, con 136,5 millóns de euros. Séguenlle en importancia Marín, con 8,0 millóns e Moaña, con 8,0 millóns de euros. No ano 2002, o VEB xerado por estes tres municipios representa o 80,6% do VEB xerado polas empresas englobadas no subsector da industria naval (**cadro 3.3.32.**).

A **conta de explotación agregada** das empresas deste subsector amosa que fronte á evolución dos ingresos de explotación, que se incrementan nun 15% respecto do ano anterior, o valor engadido bruto a custo de factores destas 154 empresas rexistrou unha diminución do 1,1%. Asemade, cómpre salienta-la redución do 102,8% experimentado polo resultado de actividades ordinarias, e do 127,5% do resultado neto do exercicio.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.34.** amosa, a existencia dun fondo de rotación positivo (20,7 millóns de euros), aínda que un 24,5% inferior ó rexistrado no ano 2001, polo que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 3,4% do circulante neto, cubríndose o restante 96,6% cos acredores a curto prazo. O financiamento permanente, que rexistrou unha diminución do 4,8% respecto ó ano anterior, representan o 25,9% das fontes de financiamento. Os fondos propios, que se reducen un 1,7% respecto ó ano anterior, suponen o 14,8% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo reducíronse un 5%, cun peso relativo do 8,6% no total

das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 788,7 millóns de euros, un 15,6% superior ó valor de 2001, dos que 183,5 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 1,9% inferior respecto ó ano anterior). Os 605,2 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 22,3% en relación a 2001.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.35.** reflicte que ó longo de 2002 incrementase o ritmo de crecemento dos ingresos, e diminúe respecto ós ingresos do VEB e dos gastos de persoal, e unha diminución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o devandito cadro reflicte uns resultados do VEB e gastos de persoal sobre ingresos moi superiores.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden en 2002. A primeira por mor da evolución da rotación de activos, e a segunda, influenciada pola caída da rendibilidade económica. Tal e como reflicte o devandito cadro 3.3.35. a rendibilidade financeira é superior á rexistrada polo total das 13.534 empresas galegas analizadas por Ardán.

## Bens de consumo

Como reflicte o **cadro 3.3.36.**, segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán o subsector do industria de bens de consumo estaba composto por 863 empresas, o 6,4% das empresas consideradas, que xeraban o 13,4% do VEB total das empresas galegas (1.345,1 millóns de euros), e tiñan uns ingresos de explotación de 6.791,1 millóns de euros (o 13,7% dos ingresos totais das empresas galegas analizadas). O emprego medio destas empresas, segundo os seus propios datos, foi de 50 traballadores.

Este subsector está composto por

## 3.3.36.

**Sector de bens de consumo 2002: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de €)						
Téxtil-confección	595	5.813,8	1.204,6	564,9	3.849,1	61
Distribución de artigos de consumo	268	977,3	140,5	27,1	376,9	28
<b>Total</b>	<b>863</b>	<b>6.791,1</b>	<b>1.345,1</b>	<b>592,0</b>	<b>4.225,9</b>	<b>50</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	6,4	13,7	13,4	22,6	10,4	

Fonte: Ardán

## 3.3.37.

**Sector de bens de consumo 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2001	2002	02/01
(en millóns de €)			
Arteixo	721,8	886,1	22,8
Vigo	57,0	64,1	12,6
A Coruña	47,7	47,8	0,1
San Cibrao das Viñas	43,6	47,1	7,9
Poio	40,2	43,4	8,0
Pereiro de Aguiar	18,5	25,0	35,5
Pontevedra	20,7	23,6	13,9
Narón	2,7	23,5	780,1

Fonte: Ardán

dous grandes grupos de actividade: o do téxtil-confección, que engloba en 2002 un total de 595 empresas, que acollen o 85,6% dos ingresos de explotación e o 89,5% do VEB xerado polas empresas industrias de bens de consumo, e o grupo de actividades de distribución de artigos de consumo, que está formado por 268 empresas.

Arteixo, por mor do papel das industrias relacionadas co subsector téxtil, é o principal **núcleo de localización** das empresas segundo o VEB xerado polas mesmas, con 886,1 millóns de euros, o 65,9% do VEB total xerado polas empresas industriais de bens de consumo. Séguelle en importancia os municipios de Vigo e A Coruña, con 64,1 e 47,8 millóns de euros, respectivamente.

A **conta de explotación agregada** das empresas deste subsector amosan que no ano 2002 experimentouse un crecemento do 18,8% do seu resultado de actividades ordinarias, sendo esta taxa de cre-

cemento en torno ó 18,5% no caso do resultado antes de impostos e do 11,3% no resultado neto do exercicio. O resultado de actividades extraordinarias rexistrou unha caída do 20,4% para acada-los -108,5 millóns de euros.

O valor engadido bruto a custo de factores medrou no ano 2002 un 19,2% en relación ó ano 2001, case cinco puntos porcentuais por riba do que o fan os ingresos de explotación, polo que a súa importancia relativa acada o 19,81% fronte ós 19,02% do ano anterior.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **adro 3.3.39.** amosa que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 9,3% do circulante neto, financiándose o restante 90,7% polos acredores a curto prazo. O fondo de rotación foi de 213,6 millóns de euros, un 792,9% superior ó existente o ano anterior. No concernente ás fontes de financiamento, o 50,8% corresponde ó finan-

## 3.3.38.

*Evolución da actividade no sector de bens de consumo 2001-02: ingresos, custos e resultados*

	2001		2002		02/01
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(%)
<b>Ingresos de explotación</b>	5.933.698,9	100	6.791.120,8	100	14,5
<b>Consumo e outros gastos de explotación</b>	4.805.095,8	80,98	5.446.022,2	80,19	13,3
<b>Valor engadido bruto a custo dos factores</b>	1.128.603,2	19,02	1.345.098,6	19,81	19,2
<b>Gastos de persoal</b>	589.156,0	9,93	655.422,4	9,65	11,2
<b>Resultado económico bruto da explotación</b>	539.447,2	9,09	689.676,1	10,16	27,8
<b>Amortizáis</b>	141.978,5	2,39	175.481,4	2,58	23,6
<b>Resultado económico neto da explotación</b>	397.468,7	6,70	514.194,8	7,57	29,4
<b>Resultado financeiro</b>	157.194,1	2,65	144.795,2	2,13	-7,9
<b>Ingresos financeiros</b>	216.628,5	3,65	206.121,7	3,04	-4,9
<b>Gastos financeiros</b>	59.434,4	1,00	61.326,6	0,90	3,2
<b>Resultado de actividades ordinarias</b>	554.662,9	9,35	658.990,0	9,70	18,8
<b>Resultado de actividades extraordinarias</b>	-90.112,3	-1,52	-108.464,9	-1,60	-20,4
<b>Resultado antes de impostos</b>	464.550,6	7,83	550.525,2	8,11	18,5
<b>Impostos</b>	74.068,3	1,25	115.870,5	1,71	56,4
<b>Resultado neto do exercicio</b>	390.482,3	6,58	434.654,7	6,40	11,3
<b>Cash-flow</b>	524.232,8	8,83	591.957,8	8,72	12,9

Fonte: Ardán

## 3.3.39.

*Evolución do investimento e do financiamento no sector de bens de consumo 2001-02*

	2001		2002		02/01
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	3.661.562,6	100	4.225.927,4	100	15,4
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.789.735,7	48,88	1.933.208,4	45,75	8,0
<b>Gastos amortizables</b>	20.973,3	0,57	18.572,7	0,44	-11,4
<b>Inmobiliizado inmaterial</b>	190.745,4	5,21	180.769,0	4,28	-5,2
<b>Inmobiliizado material</b>	1.020.167,0	27,86	1.159.145,5	27,43	13,6
<b>Outro inmobiliizado</b>	557.188,1	15,22	574.326,5	13,59	3,1
<b>Outro activo fixo</b>	661,9	0,02	394,6	0,01	-40,4
<b>Circulante neto</b>	1.871.826,9	51,12	2.292.719,0	54,25	22,5
<b>Existencias</b>	620.808,1	16,95	682.356,8	16,15	9,9
<b>Debedores</b>	732.114,5	19,99	831.873,7	19,68	13,6
<b>Tesourería</b>	129.071,9	3,53	181.005,1	4,28	40,2
<b>Outro activo circulante</b>	389.832,3	10,65	597.483,2	14,14	53,3
<b>Fontes de financiamento</b>	3.661.562,6	100	4.225.927,4	100	15,4
<b>Financiamento permanente</b>	1.813.656,5	49,53	2.146.806,7	50,80	18,4
<b>Fondos propios</b>	1.542.991,7	42,14	1.894.745,3	44,84	22,8
<b>Recursos alleos I/p</b>	255.354,3	6,97	233.256,6	5,52	-8,7
<b>Ingresos distribuidos en varios exercicios</b>	15.310,5	0,42	18.804,8	0,44	22,8
<b>Acreedores a curto plazo</b>	1.847.906,1	50,47	2.079.120,6	49,20	12,5
<b>Fondo de rotación</b>	23.920,8	0,65	213.598,4	5,05	792,9

Fonte: Ardán

mento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 22,8% respecto ó ano anterior, supoñen o 44,8% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo, que se reducen nun 8,7%, teñen un peso relativo do 5,5% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 4.225,9 millóns de euros, un

15,4% superior ó valor de 2001, dos que 1.933,2 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 8% superior respecto ó ano anterior). Os 2.292,8 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 22,5% en relación a 2001.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.40**. reflecte unha desaceleración no ritmo de

## 3.3.40.

**Sector de bens de consumo 2001-02: estudio económico-financiero**

*Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos	Gastos persoal / ingresos	Rido. ec. n. explotac. / ingresos	Carga financeira / ingresos	Cash-flow / ingresos		
Empresario	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector
2002	2,79	5,94	22,33	26,92	17,13	18,53	2,53	3,08
2001	6,40	8,83	21,61	27,06	16,41	18,70	2,81	3,13

*Rendibilidade e magnitudes asociadas*

Rendibilidade económica		Marxe	Rotación de activos	Rendibilidade financeira antes de impostos	Coste neto da débeda	Coeficiente de endebedamento
Empresario	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector
2002	5,02	5,82	2,78	3,30	1,75	1,72
2001	5,35	5,83	3,11	3,36	1,76	1,72

Fonte: Ardán

crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB e dos gastos de persoal, reducíndose lixeiramente a carga financeira (0,99% en 2002 fronte ós 1,04% do ano 2001).

O devandito cadro amosa unha caída das rendibilidades económica e financeira antes de impostos, influenciadas pola evolución da marxe de actividade e da rotación de activos no primeiro caso, e pola caída da rendibilidade económica no segundo caso. Como reflicte o devandito **cadro 3.3.40.**, as rendibilidades económica e financeira son inferiores ás rexistradas polo total das 13.534 empresas galegas analizadas por Ardán.

#### • *Téxtil-confección*

**O grupo de actividades do téxtil-confección** comprende, entre outras, as actividades relacionadas co tecido e confección de prendas de vestir en textiles; a fabricación de artigos e tecidos de punto; a confección de prendas de coiro e peletearía; fabricación de complementos e accesorios; distribución por xunto e polo miúdo de textiles e prendas de vestir; distribución por xunto e polo miúdo de xoiería e reloixería; e servicios de lavandería. Atendendo ós criterios de selección de empresas de Ardán, este grupo de actividades está formado por 595 empresas (o 4,4% das empresas consideradas) que manteñen a un emprego medio de 61 traballadores por empresa. Estas xeran o 11,7% dos ingresos de explotación e o 12% do VEB do total das empresas galegas consideradas polo Ardán.

Dentro das actividades do grupo salientan as 176 empresas relacionadas coa distribución polo miúdo de textiles e prendas de vestir, que son as que presenta o maior VEB con 646,9 millóns de euros (o 53,7% do total xerado polo subsector téxtil) e os maiores ingresos de explotación, con 2.205,8 millóns de euros (o

37,9%). As 182 empresas relacionadas coas actividades de tecido e confección de prendas de vestir en téxtil, xeraron un VEB de 251,1 millóns de euros, o 20,8% do VEB total deste subsector (**cadro 3.3.42.**).

A provincia de A Coruña é a provincia que xera un maior valor engadido, salientando a área de Arteixo (por mor de Inditex), que con 885,1 millóns de euros (un 22,8% máis que en 2001), aporta o 73,5% do VEB xerado por esta actividade en Galicia no ano 2002. Séguelle en importancia San Cibrao das Viñas, que con 46,6 millóns, aporta o 3,9% do total xerado polas empresas pertencentes a este subsector (**cadro 3.3.42.**).

**A conta de explotación agregada** das empresas deste subsector do ano 2002 para estas 595 empresas consideradas no seu conxunto, amosa que este subsector experimenta unha medra do 17,9% no seu resultado de actividades ordinarias, que acadan os 645,4 millóns de euros. O resultado antes de impostos e o resultado neto do exercicio (experimentan un crecemento do 18,1% e do 10,8% respectivamente, acadando, en termos absolutos, os 538,3 e os 426,1 millóns de euros, respectivamente. Asemade, salienta o descenso do resultado de actividades extraordinarias, que cae un 16,8% respecto ó ano 2001.

O valor engadido bruto a custo de factores medrou en 2002 máis de catro puntos porcentuais por riba do que o fan os ingresos de explotación (20,2% e 15,9%, respectivamente) polo que a súa importancia relativa pasa do 20% de 2001 ata o 20,7% do ano 2002.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.44.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 12,3% do circulante neto. O fondo de rotación foi

## 3.3.40.

**Complexo téxtil e da confección 2002: actividades que comprende o grupo**

Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emplego medio
(en miles de €)					
Tecido e confección de prendas de vestir en téxtil	1.203.966,1	251.069,9	62.650,5	718.212,6	58
Fabricación de artículos e tecidos de puntos	53.317,7	20.972,1	815,5	51.190,3	42
Confección de prendas de couro e paletería	12	29.632,4	6.141,0	795,5	23.952,4
Fabricación de complementos e accesorios	12	36.569,5	5.119,2	-469,8	27.523,5
Fabricación doutros produtos textilis	26	153.453,5	32.906,2	11.093,1	89.458,8
Distr. maiorista de téxtils e prendas de vestir	106	2.053.418,5	217.174,8	226.187,2	1.840.183,0
Distr. Mai. De xoiería e reloxeira	18	17.742,4	3.258,3	278,4	17.476,7
Distr. minorista de téxtils e prendas de vestir	176	2.205.776,6	646.927,7	257.842,2	1.028.812,5
Distribución minorista de xoias	21	32.773,0	7.780,8	2.031,8	30.072,3
Servicios de lavandería	17	27.179,5	13.279,0	3.656,1	22.190,4
<b>Total</b>	<b>595</b>	<b>5.813.829,1</b>	<b>1.204.629,0</b>	<b>564.880,4</b>	<b>3.849.072,5</b>
<b>Peso do grupo no consumo de empresas galegas (%)</b>	<b>4,4</b>	<b>11,7</b>	<b>12,0</b>	<b>21,6</b>	<b>9,5</b>

Fonte: Ardán

**3.3.42.****Complexo téxtil e da confección 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2001	2002	02/01
	(en miles de €)	(%)	(%)
<b>Arteixo</b>	720.728,7	885.065,1	22,8
<b>San Cibrao das Viñas</b>	43.231,9	46.575,5	7,7
<b>A Coruña</b>	42.521,0	42.717,8	0,5
<b>Vigo</b>	27.952,8	30.519,0	9,2
<b>Pereiro de Aguiar</b>	18.473,7	25.024,5	35,5
<b>Narón</b>	2.504,1	23.358,1	832,8
<b>Pontevedra</b>	13.565,0	15.298,7	12,8
<b>Lalín</b>	11.270,6	12.430,3	10,3

Fonte: Ardán

**3.3.43.****Evolución da actividade no complexo téxtil e da confección 2001-02: ingresos, custos e resultados**

	2001	2002	02/01		
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(%)
<b>Ingresos de explotación</b>	5.014.882,0	100	5.813.829,1	100	15,9
<b>Consumo e outros gastos de explotación</b>	4.012.812,2	80,02	4.609.200,1	79,28	14,9
<b>Valor engadido bruto a custo dos factores</b>	1.002.069,7	19,98	1.204.629,0	20,72	20,2
<b>Gastos de persoal</b>	493.406,8	9,84	553.174,3	9,51	12,1
<b>Resultado económico bruto da explotación</b>	508.663,0	10,14	651.454,7	11,21	28,1
<b>Amortizáns</b>	123.981,0	2,47	156.556,1	2,69	26,3
<b>Resultado económico neto da explotación</b>	384.682,0	7,67	494.898,6	8,51	28,7
<b>Resultado financeiro</b>	162.896,8	3,25	150.537,6	2,59	-7,6
Ingresos financeiros	214.915,5	4,29	204.571,8	3,52	-4,8
Gastos financeiros	52.018,7	1,04	54.034,2	0,93	3,9
<b>Resultado de actividades ordinarias</b>	547.578,8	10,92	645.436,2	11,10	17,9
<b>Resultado de actividades extraordinarias</b>	-91.721,2	-1,83	-107.111,7	-1,84	-16,8
<b>Resultado antes de impostos</b>	455.857,6	9,09	538.324,6	9,26	18,1
<b>Impostos</b>	71.239,9	1,42	112.225,1	1,93	57,5
<b>Resultado neto do exercicio</b>	384.617,7	7,67	426.099,6	7,33	10,8
<b>Cash-flow</b>	500.728,4	9,98	564.880,4	9,72	12,8

Fonte: Ardán

**3.3.44.****Evolución do investimento e do financiamento no complexo téxtil e da confección 2001-02**

	2001	2002	02/01		
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	3.302.815,2	100	3.849.072,5	100	16,5
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.611.496,1	48,79	1.752.357,6	45,53	8,7
Gastos amortizables	15.992,9	0,48	14.160,0	0,37	-11,5
Inmobiliado inmaterial	174.749,2	5,29	166.105,2	4,32	-4,9
Inmobiliado material	897.534,3	27,17	1.032.609,2	26,83	15,0
Outro immobilizado	522.950,6	15,83	539.266,5	14,01	3,1
Outro activo fixo	269,2	0,01	216,7	0,01	-19,5
<b>Circulante neto</b>	1.691.319,1	51,21	2.096.714,9	54,47	24,0
Existencias	538.477,7	16,30	594.686,8	15,45	10,4
Debedores	661.016,2	20,01	750.316,9	19,49	13,5
Tesourería	110.291,1	3,34	161.616,0	4,20	46,5
Outro activo circulante	381.534,0	11,55	590.095,2	15,33	54,7
<b>Fuentes de financiamento</b>	3.302.815,2	100	3.849.072,5	100	16,5
<b>Financiamento permanente</b>	1.682.846,8	50,95	2.011.351,1	52,26	19,5
Fondos propios	1.463.807,3	44,32	1.808.012,2	46,97	23,5
Recursos alleos I/p	204.864,3	6,20	185.851,8	4,83	-9,3
Ingresos distribuidos en varios exercicios	14.175,2	0,43	17.487,2	0,45	23,4
<b>Acredores a curto plazo</b>	1.619.968,4	49,05	1.837.721,4	47,74	13,4
<b>Fondo de rotación</b>	71.350,7	2,16	258.993,5	6,73	263,0

Fonte: Ardán

## 3.3.45.

**Complexo téxtil e da confección 2001-02: estudio económico-financiero***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / Ingresos	Gastos persoal / ingresos	Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos	Carga financeira / ingresos	Cash-flow / ingresos
Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector
				(%)		
2002	2,18	5,94	24,25	26,92	19,63	18,53
2001	6,29	8,83	24,26	27,06	19,10	18,70

*Rendibilidade e magnitudes asociadas*

Rendibilidade económica		Marxe	Rotación de activos	Rendibilidade financeira antes de impostos	Coste neto da díbeda	Coficiente de endebedamento
Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector
				(%)		
2002	4,86	5,82	3,07	3,30	1,63	1,72
2001	5,58	5,83	3,63	3,36	1,67	1,72

Fonte: Ardan

de 259 millóns de euros, un 263% superior ó existente o ano anterior. No concernente ás fontes de financiamento, o 52,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 23,5% respecto ó ano anterior, supoñen o 47% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo caeron un 9,3%, cun peso relativo do 4,8% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 3.849,1 millóns de euros, un 16,5% superior ó valor de 2001, dos que 1.752,3 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 8,7% superior respecto ó ano anterior). Os 2.096,7 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 24% en relación a 2001.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.45**. reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, a relación do VEB sobre os ingresos permanece praticamente constante, increméntase o peso relativo dos gastos de persoal, e redúcese lixeiramente o mantemento da carga financeira.

No ano 2002 as rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden respecto ó ano anterior para situarse no 4,86% e 11,3%, respectivamente. A primeira influenciada pola evolución da marxe de actividade e da rotación de activos, en tanto que a segunda o fai influenciada pola caída da rendibilidade económica. O custo neto da débeda foi de 2,17% fronte ó 2,24% de 2001. ■

